

B.3. UNIDADE 10 ROMA

DEFINICIÓNS:

ETRUSCOS: pobo da Península Itálica entre os ríos Tíber e Arno. Durante a etapa monárquica de Roma, conquistaron o seu territorio e convertéronse nos seus reis

LATINOS: pobo da Península Itálica asentado no Lacio, onde foi fundada a cidade Roma.

MONARQUÍA: forma de goberno da Antiga Roma na que o poder o exercía un rei. Esténdese entre os anos **753 e 509 a.C**

REPÚBLICA: forma de goberno da Antiga Roma na que os cidadáns elixían aos seus gobernantes. Esténdese entre os anos **509 e 27 a.C**

IMPERIO: forma de goberno da Antiga Roma na que o poder o exercía un emperador (César). Esténdese entre os anos **27 a.C e 476 d.C**

MAXISTRADOS: cargos políticos da etapa republicana na Antiga Roma. Eran homes elixidos por un ano. Os principais eran os cónsules, os pretores e os censores.

SENADO: Asemblea formada por antigos maxistrados na Antiga Roma. Alcanzou o seu maior poder durante a República.

https://www.youtube.com/watch?v=p8akEXX_j8 (VIDEO 1 Hª DE ROMA)

GUERRAS PÚNICAS: Guerras entre os romanos e os cartaxineses polo control do Mediterráneo occidental. Houbo tres e tiveron lugar entre os anos 264 e 146 a.C Acabaron coa vitoria de Roma.

HISPANIA: nome que os romanos deron á Península Ibérica.

PAX ROMANA: período da Historia de Roma, entre os séculos I e II d.C, caracterizado pola estabilidade social, política e económica.

PATRICIOS: grupo social da Antiga Roma que posuía plenos dereitos políticos

PLEBEIOS: grupo social da Antiga Roma que non posuía plenos dereitos políticos

LIBERTOS: escravos liberados polos seus amos na Antiga Roma.